

Os conceptos de cultura e sistema social.

A.L. Kroeber e Tacott Parsons¹

Parece haber bastante confusión entre antropólogos e sociólogos verbo dos conceptos de *cultura* e *sociedade* (ou *sistema social*). A falla de consenso (entre ambas as dúas disciplinas e dentro de cada unha delas) contribuíu á confusión semántica no tocante a qué datos deben subsumirse so estes termos; en todo caso, hai unha cousa máis importante, e é que esta carencia impedíu o avance teórico que favorecese a relación recíproca das dúas disciplinas.

Aínda hai algúns antropólogos e sociólogos que nin sequera consideran necesaria a distinción, pois parten da base de que os fenómenos todos do comportamento humano son socioculturais e teñen, logo, simultaneamente aspectos sociais e culturais. Ora ben, mesmo cando recoñecen esta distinción, da que se pode dicir que é un lugar común, tenden a asumir que ten primacía determinante o conxunto de fenómenos no que están máis interesados. Os sociólogos tenden a ve-los sistemas culturais todos a xeito dunha sorte de excrecencia ou desenvolvemento espontáneo, derivado dos sistemas sociais. Os antropólogos son máis dados a seren holistas e, daquela, adoitan comezar cos sistemas totais de cada cultura e proceder logo a subsumir a estrutura social como se fose só unha parte da cultura. (A “antropoloxía social” quizais represente unha secesión dentro da antropoloxía que tende a preferir-la presuposición sociolóxica.)

O noso obxectivo nesta declaración conxunta é indicar, na medida en que atinxa á primacía metodolóxica, que calquera destas dúas presuposicións é un *a priori* preferencial e non se pode validar no estado de coñecemento actual. Separa-los aspectos culturais dos sociais non é facer unha clasificación de conxuntos de fenómenos concretos e empíricamente discretos. Trátase de sistemas distintos, pois abstraen ou seleccionan dos conxuntos de compoñentes analiticamente distintos do mesmo fenómeno concreto. As declaracións sobre relacións cun patrón (ou modelo) cultural son, logo de orde diferente ás declaracións que se fan sobre un sistema de relacións sociais. Ningunha delas pode reducirse directamente ós termos da outra; quere dicir, a orde das relacións que se dan dentro dunha é independente das que se dan na outra. A atención coidadosa a esta independencia incrementa moito o poder da precisión analítica. En suma, parécenos que a discriminación analítica ha manterse consecuentemente sen prexuízo da cuestión de cal é máis “importante”, “correcta” ou “fundamental”, se é que esas cuestións resultan ter algun sentido.

Pódense trazar historicamente dúas distincións analíticas sucesivas que incrementaron esta precisión analítica. Podería suxerirse que a primeira distinción foi a división da materia de estudo por medio das liñas da distinción entre herdanza e entorno. Nos países de fala inglesa, polo menos, o punto de referencia máis importante é o pensamento bioloxicamente orientado da xeración seguinte á publicación d’*A orixe das especies* de Darwin. Nela os científicos sociais preocupáronse de definir unha esfera de investigación que non se puidese tratar como se fose sinxelamente biolóxica no que entón era o significado habitual do concepto. O concepto de cultura de Tylor e o concepto de superorgánico de Spencer foron tentativas importantes de formular tal esfera. O organismo asignouse, logo, ás ciencias biolóxicas e a cultura-sociedade (a xeito de entidades aínda máis ou menos indistintas) asignouse ás ciencias socioculturais.

Entón, no período de formación de ambas as dúas disciplinas, cultura e sociedade foron termos que se usaron con relativamente pouca distinción de significado nas máis das obras influíntes. Na tradición antropolóxica, Tylor e Boas usaron cultura para designar aquel aspecto do comportamento social humano total (incluídos os correspondentes produtos simbólicos e significativos) que era independente da constitución xenética e das características biolóxicas dos organismos. Foron cruciais as ideas de continuidade, creación, acumulación e transmisión da cultura independentemente da herdanza biolóxica. Pola banda sociolóxica, Comte e Spencer, secomasí Weber e Durkheim falaron de sociedade dicindo que significaba no esencial a mesma cousa que Tylor chamaba cultura.

Durante un período considerable mantívose este concepto condensado de cultura e sociedade, e a distinción entre a antropoloxía e a socioloxía facíase non tanto conceptual coma operativamente. Os antropólogos tendían a limita-los seus estudos ás sociedades non alfabetizadas e os sociólogos preocupábanse coas sociedades alfabetizadas (especialmente coa súa). Non parecía necesario ir moito máis alá.

¹ A. L. Kroeber e T. Parsons, “The Concepts of Culture and Social System”, *American Sociological Review*, 1958, n.º 23, pp. 582-583.

Agora cremos que o coñecemento e intereses viraron distintos dabondo para que cumpra facer e estabilizar distincións ulteriores no uso rutinario dos grupos profesionais relevantes. Tal necesidade presaxiárase na práctica de moitos antropólogos de falar da organización social dicindo que era un segmento ou ponla principal da cultura, e na práctica dalgúns sociólogos de discriminar categorías como valores, ideoloxías, ciencia e arte da estrutura social.

Dese xeito colleu (ou está collendo) forma unha segunda distinción analítica. Suxerimos que é útil defini-lo concepto de *cultura* para os máis dos usos dun xeito máis preciso do que foi o habitual na tradición antropolóxica estadounidense, restrinxindo a súa referencia ó contido ou patróns de valores, ideas e outros sistemas simbólico-significativos transmitidos ou creados que son factores na conformación do comportamento humano -e tamén os artefactos producidos por medio do comportamento. Por outra banda, suxerimos que se use o termo *sociedade* (ou, dito de maneira máis xeral, *sistema social*) para designa-lo sistema de interacción especificamente relacional que se dá entre individuos e colectividades. Falar dun “membro dunha cultura” debería entenderse a xeito de eclipse que significa “membro da sociedade de cultura X”. Unha indicación da independencia das dúas é a existencia de sociedades de insectos altamente organizadas que teñen no mellor dos casos un mínimo compoñente rudimentario de cultura neste sentido actual e máis restrinxido que propomos.

Podemos indicar entre parénteses que empezou a xurdir unha distinción analítica similar referida ó concepto máis vello de organismo, que está da outra banda da división indicada ó principio desta nota e segundo a cal as ciencias sociais viñeron distinguirse das biolóxicas. Aínda que o termo organismo se usou en tempos para para designar tanto aspectos biolóxicos coma psicolóxicos, recentemente foise facendo cada vez máis importante para discriminar compoñentes especificamente psicolóxicos dos puramente biolóxicos. Así, o termo personalidade está a se usar extensamente a xeito de termo apropiado ou favorito para expresar tal distinción.

Abofé que falar, logo, da independencia analítica da cultura e o sistema social non é dicir que os dous sistemas non estean relacionados, nin que non se poidan usar distintas aproximacións á análise da relación. A doita ser proveitoso manter atención constante a aspectos que r culturais, quer sociais do mesmo fenómeno concreto á vez que se presta atención ós outros. Dado que se mantén a distinción analítica entre eles, é inútil discutir sobre o acerto de cada unha das aproximacións. Dende ambas a dúas leváronse a efecto traballos importantes. Non ten dúbida que ha ser de máis proveito desenvolver ambas a dúas liñas de pensamento e xulgalas polo moito que cada unha delas aumente a nosa comprensión. En todo caso, en segundo lugar, fundándose no coñecemento máis preciso que así se obteña, poderemos esperar, no seu momento, aprender en qué área é máis aplicable e produtiva cada tipo de conceptualización. Procedendo así melloraríamos a nosa posición para aumenta-la comprensión das relacións entre ambas a dúas [quere dicir, entre cultura e sociedade], de xeito que non teñamos que manter concepcións constantes de ningunha das dúas cando sexa máis fecundo non facelo.

Propomos, logo, unha tregua na querela sobre se entender mellor a cultura dende o punto de vista da sociedade ou a sociedade dende o punto de vista da cultura. Coma no caso máis célebre de herdanza “contra” ambiente, xa non se trata da importancia que teña cada un dos factores, senón de como é que *funciona* cada un. Os puntos de vista tradicionais da antropoloxía e maila socioloxía deben fundirse nun condominio temporal que leve a un ata que distinto máis, ó cabo, en colaboración dos problemas en áreas intermedias que preocupan a ambas a dúas disciplinas.